Retallos da Memoria II
Asociación Memoria Histórica Democrática.

Coordinador: Enrique Barrera Beitia.

1ª Edición: Maio do 2009.
Edita: Asociación Memoria Histórica Democrática.

Material Fotográfico: Memoria Histórica Democrática.

Quedan todos os dereitos reservados desta edición para:
Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática
R/ Magdalena, 202-204 (Ateneo Ferrolán)
15401 Ferrol

Depósito Legal:
ISBN: 978-84-613-2603-7

www.memoriahistoricademocratica.org

No seu desexo de restaurar a dignidade das vítimas da represión franquista e ante o gran éxito obtido coa edición do libro "Retallos da Memoria", a asociación Memoria Histórica Democrática de Ferrolterra edita o segundo volume desta colección. Baixo a coordinación de Enrique Barrera Beitia, varias persoas, fillas, fillos, netas e netos de represaliados, contan as súas vivencias e os seus anhelos.

Varía a forma e intensidade do castigo, pero é común en todos os autores destes relatos o desexo de dignificar a figura dos seus antepasados e é obrigación da asociación que presido darlles a canle para que o fagan. Ningún dos seus antepasados cometeu delitos puníbeis pola lexislación, simplemente tiñan ideas contrarias aos que se rebelaron contra o goberno legalmente constituído e os seus actos mostraron a decisión de manter o sistema democrático.

Resulta moi difícil explicar que, sendo a Lei da Memoria Histórica aprobada polo Parlamento español, teña tantos problemas para ser aplicada. Fosas comúns que conteñen os corpos dos asasinados pola ditadura franquista esperan ser exhumados para darlles unha digna sepultura mentres que parecen predominar as voces que aconsellan "prudencia" para non "remover o pasado" e "non molestar" a determinadas persoas. É pouca prudencia esperar setenta anos? Dáse máis importancia á dor que poidan sentir os descendentes dos verdugos ao comprobar que os seus pais ou avós tiñan as súas mans manchadas de sangue que á dor das vítimas?. Que ocorre coas manifestacións negacionistas que engaden máis dor?

O 4 de abril deste mesmo ano puidemos ler as declaracións do ex ministro franquista Utrera Molina quen, preguntado sobre os españois fusilados por Franco, respondeu literalmente que foi necesario "botalos aos porcos".

www.memoriahistoricademocratica.org

Pouco antes, o abade do mosteiro do Val dos Caídos, nunha entrevista televisiva, negaba que Franco cometese crimes. No ámbito máis local, a nosa asociación recibiu unha carta asinada por un cidadán que, tras confesar ser moi católico, en relación aos enterrados en fosas comúns, dinos abertamente que só teñen dereito a enterro digno os católicos e que os que non o son, están ben onde están e non merecen outra cousa.

É obvio que ante a opinión pública, os obxectivos da nosa asociación están cumpridos, pero asusta comprobar como unha parte da nosa sociedade, non por minoritaria insignificante, segue empeñada en engadir o desprezo e a humillación á dor. Isto non modificará o resultado final deste debate, pero o prolonga innecesariamente. A nosa asociación, unha das pioneiras no estado, continuará batallando e sendo a voz dos que durante tantos anos tiveron que calar.

Manuel Agustín Fernández Pita.

Presidente de Memoria Histórica
Democrática de Ferrolterra.

www.memoriahistoricademocratica.org